

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 664/2018

Memoria Justificativa

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado: _____

Data de iniciación: 31/08/2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Obxecto do contrato.

O proxecto contempla a reforma de parte da planta baixa da casa consistorial para poder centralizar no edificio do Concello os servizos municipais que actualmente se encontran no edificio coñecido como "Centro Social". Estes servizos son: servizos sociais, orientación laboral e servizo de educación familiar. O espazo que se pretende reformar estaba ocupado pola Policía Local e pola Oficina de Correos, de tal forma que no seu día foi necesario ubicar os servizos sociais, orientación laboral e servizo de educación familiar, no "Centro Social", o único edificio de titularidade municipal que contaba con espazo para albergar ditos servizos, sacrificando espazo do "Centro Social" que inicialmente tiña como finalidade albergar aulas para obradoiros e cursos de formación.

A centralización dos principais servizos municipais mellora a prestación dos mesmos ós veciños de Mondariz tendo en conta que no entorno da Casa Consistorial se encontra o Centro Médico e o Centro de Día.

A reforma pretende redistribuír este espazo para dotalo do número de oficinas suficientes para albergar os novos servizos a trasladar ó edificio do Concello.

Outra das reformas plantexadas na Planta Baixa da Casa Consistorial terá lugar no aseo feminino da planta baixa para convertilo nun aseo adaptado para usuarios con mobilidade reducida.

2. Descrición da situación actual

O espazo que se pretende reformar está situado na planta baixa, na zona donde estaba a Policía Local, a Oficina de Correos e o aseo feminino.

3. Marco normativo

- Proxecto de Ordenación do Medio Rural de Mondariz, aprobado definitivamente polo pleno do Concello en sesión de 26 de febreiro de 1.999.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, con entrada en vigor o 19 de marzo de 2016.
- Real Decreto Ley 2/2008. Ley del Suelo Estatal. (BOE 26/06/2008)
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, sobre Ordenación da edificación.
- Real Decreto 556/89, do 19 de maio, de Medidas mínimas de accesibilidade nos edificios.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (CTE).
- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo R.D. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 232/1993, do 30 de setembro, polo que se regula o Control de Calidade na Edificación na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Análise Económica

a. Financiamento.



Concello de Mondariz

En data 26 de xuño de 2018, o Concello rexistra a resolución da Directora Xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias Núñez, na que se emite resolución favorable da subvención solicitada financiando 35.206'50 €.

Vista Resolución de Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra de 18 de xullo pola que se concede unha subvención de 24.649,14 € (5.037,65 € para gastos de honorarios e 19.611,49 € para execución da obra) para o proxecto "Reforma de Planta baixa da Casa Consistorial" con cargo ó Plan Concellos 2018-2019.

ORZAMENTO DO PROXECTO	PLAN CONCELLOS	DXAL (XUNTA DE GALICIA)
54.817,99 (IVE incl.)	19.611,49	35.206,50

b. Valor Estimado

Valor estimado (sen IVE): 45.304,12 euros

c. Orzamento base de licitación

Límite máximo de gasto, incluído IVE: 54.817,99 €

Formulación a prezo fixado.

Importe sen IVE: 45.304,12 €

IVE (21 %): 9.513,87 €

Total con IVE: 54.817,99 €

d. Prezo

Sistema de determinación: Prezos unitarios sen revisión nin variación dos mesmos en función do cumprimento ou incumprimento de obxetivos de prazos ou de rendemento.

e. Aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2018	920.62201	54.817,99 €

As actuacións contan coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ó Plan Concellos 2018, que concedeu a axuda arriba indicada así como coa participación de Dirección Xeral de Administración Local mediante a concesión de subvención arriba indicada.

Polo que para a execución do proxecto no presente exercicio, o crédito dispoñible será de 54.817,99 euros, financiado con cargo á aplicación orzamentaria: **920.62201**.

f. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente actuación non afectará á estabilidade orzamentaria debido a que está financiada na súa totalidade por ingresos afectados procedentes de outras administración (Deputación Provincial de Pontevedra e DXAL).

Respecto da sustentabilidade financeira é preciso sinalar que a mesma é posible xa que non estamos ante instalación de nova creación se non ante a mellora dunha instalación xa existente polo que o seu mantemento xa estaba previsto no orzamento municipal e pode incluso reducir os mesmos ó mellorar as condicións do edificio.

5. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento



Concello de Mondariz

Se prevé a utilización do procedemento administrativo aberto simplificado tendo en conta o valor estimado do contrato, inferior a (2.000.000,00 €) e a súa tramitación ordinaria.

De conformidade co establecido no punto 3 da Disposición Adicional décimo quinta da LCSP, para a licitación do presente contrato non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos debido a que a mesma require de equipos ofimáticos especializados dos que neste intre non dispón o órgano de contratación sendo inviable realizar unha licitación electrónica con todas as garantías esixidas pola LCSP por non poder asegurarse- mediante os devanditos medios telemáticos- o segredo do contido das mesmas ata a data de apertura.

Así mesmo, non é posible demorar a contratación sen perxudicar o interese xeral, dado o prazo para a xustificación da subvención que financia estas obras.

Por todo o anterior, a presentación de ofertas e solicitudes de participación nesta licitación será de forma manual e non a través de medios electrónicos.

b. Cualificación do contrato

O presente contrato se configura como un contrato de obras de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

c. Análise de execución por lotes

A xustificación de non dividir en lotes o obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en concreto, o feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico.

d. Duración

Contrato de obras cunha duración de UN (1) MES a contar dende a expedición da acta de comprobación do reformulo.

Non obstante, ao estar a contratación financiada con cargo á subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra e dxal e ter que estar xustificada antes do 15/11/2018, **o adxudicatario deberá comprometerse a ter rematada a obra antes do día 05/11/2018 (prazo máximo de execución).**

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente.

O inicio do prazo de execución do contrato comezará coa acta de comprobación do reformulo. Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargada da obra procederá en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo.

A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados.

e. Responsable do contrato.

En aplicación do artigo 62.2 da lei 9/2017 que regula os Contratos do Sector Público, o responsable do contrato será o Director Facultativo das obras que será nomeado polo órgano de contratación, e lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan (art. 62.1.2 LCSP)

f. Órgano de contratación.

O órgano de contratación deste contrato será o Alcalde por aplicación da DA 2ª da lei de contratos do sector público.



Concello de Mondariz

6. Publicidade.

A presente memoria débese publicar no perfil de contratante de acordó co artigo 63.3 a) da LCSP.

En Mondariz a 31 de agosto de 2018.

O ALCALDE (asinado electrónicamente).

